



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA E A ASOCIACIÓN DE INDUSTRIAS DO METAL E O CLÚSTER DE AUTOMOCIÓN E MOBILIDADE DE GALICIA PARA A POSTA EN MARCHA DO PLAN DE ACOMPAÑAMENTO E DIVERSIFICACIÓN DAS CAPACIDADES PRODUTIVAS DAS EMPRESAS DE AUTOMOCIÓN QUE SE ATOPAN EN DIFICULTADES POLO TRÁNSITO AO VEHÍCULO ELÉCTRICO NO MARCO DE DESENVOLVEMENTO DO PLAN DIRECTOR DE AUTOMOCIÓN

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial da Consellería de Economía e Industria, **DECLARA:**

Que a Consellería de Economía e Industria formalizou co Clúster de Automoción e Mobilidade de Galicia (en adiante CEAGA) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro do 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto instrumentar e regular as condicións específicas que rexerán entre a Consellería de Economía e Industria e CEAGA para o desenvolvemento das seguintes actividades:

Actividade 1: Plan de Acompañamento.

Esta actividade implicará a monitorización e detección temperá de empresas en dificultades dentro da industria da automoción galega.

Para establecer un sistema de detección continuo, CEAGA realizará unha monitorización do sector establecendo un proceso continuo de vixilancia dirixido a identificar e avaliar riscos potenciais, así como ameazas e sinais de alerta.

Como resultado desta actividade, elaborárase un informe de situación onde se presentará un mapeo de toda a cadea de valor da automoción galega, identificando as empresas que se atopan con dificultades para poder adaptarse á transición ao vehículo eléctrico. Estas empresas virán categorizadas, atendendo ao tipo de dificultade detectada, e formarán parte dun plan de acompañamento onde se traballará de forma colaborativa e consensuada nunha posible redefinición estratéxica.

Actividade 2: Plan de diversificación.

Esta actividade ten por obxecto pór en marcha un plan de diversificación para as empresas integradas no plan de acompañamento. Esta actuación constará dunha serie de fases: análise de situación, identificación de novos mercados e/ou produtos relacionados, asesoramento financeiro e busca de novas alianzas estratéxicas.





Esta estratexia de diversificación empresarial conectará as capacidades destacadas das empresas con outras cadeas de valor, co fin de aproveitar os procesos produtivos existentes e multiplicar as súas oportunidades de negocio, aproveitando os contactos estratéxicos dos que dispón CEAGA. Como posibles cadeas de valor complementarias poderíamos nomear as seguintes:

- Defensa e seguridade
- Aeronáutico
- Aeroespacial
- Mobilidade lixeira: e-bikes, motos, bicicletas...
- Robots humanoides
- Construción industrializada
- Naval
- Trens
- Autobuses

CEAGA realizará esta función de asesoramento empresarial, sen prexuízo das competencias propias do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) e, particularmente da Oficina Económica de Galicia. Así mesmo, informará á Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético de cada unha das actuacións postas en marcha presentando diferentes documentos executivos.

Concretamente:

- Análise inicial de oportunidades de diversificación en cadeas de valor complementarias.
- Contraste do punto anterior coas capacidades e potencialidades de diversificación das empresas integradas no plan de acompañamento.
- Informes de seguimento e resultados de cada asesoramento e apoio realizado a empresas con potencialidades e interese na diversificación.

Desde a Consellería de Economía e Industria poderán proporse, se é o caso, medidas adicionais ou de apoio que reforcen o plan.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

CEAGA é unha entidade non lucrativa que aglutina toda a cadea de valor da automoción galega conformando un completo ecosistema colaborativo de innovación con máis de 200 compañías, ás que se suman as máis de 80 startups creadas no seo da aceleradora Business Factory Auto & Mobility.

Segundo consta na información proporcionada desde a entidade, CEAGA ten como obxectivo principal situar ao sector de automoción e mobilidade de Galicia nunha posición de liderado sustentable e competitivo a nivel global no horizonte 2030, contribuíndo ao progreso e á calidade de vida da nosa contorna. Con este obxectivo promove proxectos





cooperativos de alto impacto para mellorar a competitividade das empresas e da industria da automoción e mobilidade de Galicia. Así mesmo, conta con outros obxectivos dirixidos a mellorar a competitividade, a innovación e capacidade tecnolóxica, a cooperación sectorial e a flexibilidade de adaptación aos cambios do mercado.

Este clúster goza do recoñecemento do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo (Mincotur) que o mantén no seu rexistro como Agrupación Empresarial Innovadora "Excelente". No ámbito internacional, mantén a súa posición como un dos clústeres mellor xestionados da Unión Europea, segundo a Secretaría Europea de Avaliación de Clústeres (ESCA). De feito, tras a auditoría realizada de novo no 2025, a ESCA renovou a acreditación "Gold Label" a CEAGA por demostrar un alto nivel de excelencia na súa estratexia, servizos e xestión, recoñecemento que lle permite formar parte do Grupo de Expertos de Clústeres Excelentes (CEEG).

Que, en liña co desenvolvemento, promoción e coordinación da política industrial e da necesidade detectada a través da Comisión sectorial de seguimento do Plan director de Automoción, estase a promover por parte da Consellería de Economía e Industria, en colaboración con CEAGA, a posta en marcha dun plan de detección, acompañamento e diversificación das capacidades produtivas das empresas de automoción que se atopen en dificultades polo tránsito ao vehículo eléctrico e/ou en risco de exclusión ao dedicarse a cadeas de subministración asociadas a motores de combustión.

A Consellería de Economía e Industria achegará a cantidade máxima de cento vinte e catro mil euros (65.000€), que se financiarán con cargo á seguinte aplicación orzamentaria, código de proxecto e anualidade seguinte:

Código proxecto	Aplicación orzamentaria	2026	TOTAL
2024 00034	09.02.732A.640.8	65.000€	65.000€

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data indicada na sinatura dixital

A directora xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial,

Margarita Ardao Rodríguez

